



Asunto: informe de afección do parque eólico de Campos das Rosas e línea de evacuación asociada sobre á festa “Rapa das Bestas”

Promotor: Naturgy Renovables

Localización: Concellos de A Estrada, Cercedo e Campo Lameiro (Pontevedra)

Clave: IN408A 2017/05

ANTECEDENTES:

o proxecto indicado é unha solicitude sobre o estudo de impacto ambiental da instalacións do parque eólico de referencia e liña de evacuación asociada .

Polo promotor preséntase o Estudio de Impacto ambiental así como Proxecto técnico da actuación Parque Campos das Rosas nos termos municipais dos Concellos de A Estrada, Cercedo e Campo Lameiro (Pontevedra)

Por parte da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía Empresa e Innovación, solicita informe dentro das nosas competencias, especialización ou ámbito de actuación, sobre o devandito documento.

Con data 10 de marzo de 2021 preséntase no rexistro electrónico da Xunta de Galicia, solicitude de Autorización Administrativa, Aprobación de Proxecto de Execución, Aprobación do Proxecto Sectorial das instalacións de produción de enerxía eléctrica do proxecto denominado Eólico Campo das Rosas a través da Xefatura Territorial de Pontevedra da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía Empresa e Innovación e emítese pertinente solicitude de información por parte d Axencia Turismo de Galicia, , de tal xeito que no 20 de maio de 2021 achegase documentación solicitada por parte do promotor e emítese pertinente informe.

Posteriormente con data 24 de xaneiro de 2022 dende a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais solicítase a emisión dun informe complementario sobre a posible incidencia do parque eólico Campo das Rosas na Rapa das Bestas de Sabucedo.

DATOS TECNICOS.

O Parque proxectado está formado por 8 aeroxeneradores de 3,45 MW acadando una potencia total de 27,6 MW, o modelo de aeroxenerador seleccionado ten un diámetro de pala de 139 m e altura de buxe ata 944 m.

INFORME

Segundo o Estudio de Impacto Turístico do Proxecto Parque Eólico “Campo das Rosas” e tras analizar todos os posibles impactos que o mesmo puidese xerar, dedúcese que devandito proxecto produce un impacto global significativo nas fases construtivas e da explotación, polo que, coa consideración das medidas preventivas e correctoras que deben activarse na posta en marcha do Programa de Vixilancia Ambiental, hai que sinalar:

- A fase de construción pode se considera significativa no aspecto turístico pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo.
- Na fase de explotación, considérase significativa debido ás emisións sonoras e impacto visual.





Por outra banda dado que os efectos poden ser significativos, entendéndose como aquel que se manifesta como unha modificación do medio ambiente dos recursos naturais, o de seus procesos fundamentais de funcionamento que produza o poder producir no futuro repercusións apreciables, é necesario que se establezan medidas preventivas ou correctoras no desenvolvemento da explotación.

CONCLUSIÓN

As afeccións á explotación de parques eólicos que poidan desvirtuar ou alterar o entorno da súa ubicación, modificando claramente a súa orixinalidade tanto na características que o definen como nos intereses turísticos particulares e xerais creados no entorno, é importante ter presente tamén criterios concretos nalgún dos casos imposibles de salvar que serán respectados no cumprimento da normativa turística aprobada e tidos en conta e que tratan de fomentar non só os aspectos económicos da nosa Comunidade Autónoma senón tamén protexer a súa entidade como rexión histórica e diferenciada das demais, foco dun turismo diferenciado.

Dado o alcance das actuacións que pretendese facer e segundo o estudo de impacto turístico a chegado como documentación complementaria pódese concluír que o impacto que terá o parque eólico "Campo das Rosas" no turismo rural local así como na súa contorna é REDUCIDO e que deberán ser atenuados polas medidas compensatorias e correctivas a incluír na Declaración de Impacto Ambiental.

Así mesmo e tras o análise turístico da instalación e en concreto sobre a posible incidencia do parque eólico Campo das Rosas sobre a festa de interese turístico da Rapa das Bestas de Sabucedo, destacar que a afección considérase na mesma liña que o resto da actuación, tendo presente que o súa afección visual e real e se presenta analizada no estudo de impacto turístico aportado.

Destacar que no que respecta á afección sobre as infraestruturas da festa da Rapa das Bestas en Sabucedo non se afecta sobre as mesmas salvo visualmente, do mesmo xeito que no percorrido das Bestas con respecto á ruta de baixada "la Ruta de las Bestas", sitúase un tramo da mesma a menos de 100 metros do aerogenerador CR-04 entendendo que non afecta sobre o seu desenvolvemento.

Así mesmo xa queda reflexado no pertinente informe que realizarase un seguimento de medidas que serán consensuadas con a administración e as entidades locais para compatibilizar a implantación do proxecto da festa da "Rapa das Bestas".

Santiago de Compostela, asinado por sinatura electrónica á marxe por Luís Gestal Ernau, xefe da Área de Obras e Mantemento

